

A tipoloxía de sentencias do órgano de xustiza constitucional

Área de dereito constitucional.
Universidade de Santiago de
Compostela

José Julio Fernández Rodríguez

1. Introducción

Nos nosos días, polo menos desde o punto de vista da técnica do dereito constitucional e nos sistemas de control concentrado, é un debate superado a xustificación da existencia dun tribunal especial para coñecer los procesos constitucionais, exercendo, polo tanto, funcións propias dun órgano dotado de xurisdicción, estea ou non integrado no Poder Xudicial. Neste sentido resulta procedente cita-las autorizadas palabras de Bachof cando sinala que «la labor, llena de responsabilidad, de interpretación normativa de la Constitución y de protección de su sistema de valores, necesita una instancia especializada en estas cuestiones, requiere personas de notoria experiencia en cuestiones de Derecho y de práctica constitucionales; una experiencia –en definitiva– que no tiene el juez ordinario, ni puede te-

nerla»¹. Así as cousas, encontramos órganos de xustiza constitucional que reciben variadas denominacións, entre as que temos, respecto do idioma galego, as de Tribunal Constitucional, Tribunal de Garantías Constitucionais, Corte Constitucional ou salas dos tribunais superiores encargadas desa específica función. A utilización no título deste traballo da expresión «órganos de xustiza constitucional» persegue abranguerlos diversos nomes que reciben tales entes para, desta forma, evitar equívocos que puidesen hipoteca-las reflexións que se realizan e que parten da análise de máis dun ordenamento.

A importancia que o labor deste órgano de control da constitucionalidade posúe no marco da vida estatal é tan patente que sobran comentarios que a salienten con profundidade. Incluso existen circunstancias da máis variada índole alleas ó que é a posición do tribunal na armazón do sistema xurídico-política que subliñan a importancia do seu labor. Aludimos a cuestións tales como as ambigüidades existentes nas leis fundamentais, que poden responder ó espírito de consenso que presidiu a súa elaboración, e o papel por xogar polo que se chamou dereito principal no Estado postsocial, que trata de superar-las disfuncións do clásico sistema de fontes e que se traduce en que «el centro de gravedad se deslice progresivamente hacia los jueces»².

Por outra parte, é un feito incontestable, desde hai anos, que a xurisdicción constitucional non permanece nas estrictas marxes que lle sinala a súa tradicional configuración como lexislador negativo senón que vai máis alá dos límites que lle atribuíra Kelsen³. Así é, os tribunais constitucionais enfróntanse, en ocasións, a supostos que nacen da realidade da convivencia humana e que non poden ser disciplinados satisfactoriamente cos clásicos patróns. Non consideramos desencamiñado este modo de actuar sempre que o tribunal sexa consciente da súa posición e das súas funcións na armazón do Estado de dereito, para o cal unha sólida formación técnico-xurídica dos seus membros é condición *sine qua non* para logralo.

Concluíntes resultan as palabras de Caretti e Cheli que, ó comeza-lo exame do comportamento da Corte Constitucional italiana fronte ó poder lexislativo, indican con intención xeneralizadora que «l'osservazione delle varie esperienze europee mostra l'esistenza di unha generale tendenza espansiva, che porta spesso le Corti a sconfinare in un terreno che parrebbe da ritenersi estraneo alla loro sfera di competenza». Continúan dicindo que «tale tendenza è testimoniata dal ricorrere di tematiche comuni come quella relativa alle sentenze interpretative,

¹ BACHOF, Otto, *Jueces y Constitución*, Civitas, Madrid, 1987, páx. 55.

² RUIZ MIGUEL, Carlos, «El Estado Democrático Avanzado ante la Teoría clásica del Estado», *Dereito. Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, vol. III, n.º 2, páx. 110.

³ Para este autor, o Tribunal Constitucional non é realmente un tribunal senón, como queda dito, un lexislador negativo que analiza a compatibilidade lóxica entre dúas normas abstractas. Desta forma, trátase de fuxir dos riscos dun goberno de xuíces, que na época do xurista austríaco podía vir favorecido por certos postulados aínda de actualidade, como os da Escuela de Derecho Libre.

alle «sentenze modello» o «sentenze comandamento» o quella relativa al sindacato sull'eccesso de potere legislativo soprattutto in tema di eguaglianza»⁴.

As posibilidades de actuación con que as diversas leis fundamentais dotan os tribunais constitucionais son tensadas, ás veces de maneira importante, para alcanzar estes resultados expansivos, polo que limitarse a reflexionar en torno ás que poden ser chamadas sentencias típicas sería traizoa-la realidade. Os perigos desta tendencia expansiva puxéronse de relevo en diversas ocasións e en diferentes países, e seguramente o seguirán sendo no futuro. Non cabe dúbida de que unha prolixidade excesiva nas decisións que adopten os tribunais constitucionais fai nacer, case de modo automático, o risco da inseguridade xurídica, que é un dos grandes inimigos do Estado de dereito. Pero este risco non ten por qué traducirse necesariamente a nivel práctico se os xuíces dos órganos de xustiza constitucional lle engaden a unha sólida formación xurídica o coñecemento correcto da súa función na armazón do sistema e das consecuencias das súas decisións, non simplemente xurídicas senón tamén políticas.

No presente traballo non buscamos unha análise exhaustiva da problemática que se podería facer derivar do título que lle demos. Isto sería material de traballo para unha auténtica monografía, tal vez para varias. Aínda así, o satisfactorio do resultado non estaría asegurado de ningunha maneira, por mor da complexísima penetrabilidade do tema e da doutrina que o ten abordado, na marxe de que habería que reflexionar primeiramente sobre a natureza da sentencia constitucional (carácter declarativo ou constitutivo, efectos *ex nunc* ou *ex tunc*, etc.), o cal, malia o que se poida pensar, non é pacífico en tódolos seus termos e varía en función do ordenamento no que nos movamos. A meta que perseguimos, pola contra, é ben distinta: facer un percorrido polos máis importantes tipos de sentencias dos tribunais constitucionais con especial atención nas que poderían ser cualificadas como atípicas para poñer de relevo a súa dificultade de intelección e a transcendencia que posúen. Deste modo, trátase de adverti-lo lector sobre un tema que quizais aínda non se encontre entre nós o suficientemente tratado como cabería esperar polo peso que atesoura. Por todo isto, non se quixo, nin moito menos, ser exhaustivos no referente á bibliografía que se cita, a cal se limita ós casos que consideramos máis interesantes en función dos obxectivos perseguidos.

Cómpre ter en conta, xa desde este momento, que os tipos que se ofrecen non son compartimentos estancos senón que es-

⁴ CARETTI, Paolo; CHELI, Enzo, «L'influenza dei valori costituzionali sulla forma di governo: il ruolo della giustizia costituzionale», en PIZZORUSSO, Alessandro; VARANO, Vincenzo (coords.), *L'influenza dei valori costituzionali sui sistemi giuridici contemporanei*, vol. II, Giuffrè, Milán, 1985, páx. 1013 e segs.

tán interrelacionados e poden chegar a superpoñerse de modo que unha determinada decisión sexa encadrable en varios dos susoditos tipos. Isto débese, en parte, á escuridade que existe á hora de fixar con nitidez os perfís característicos de cada tipo de decisión e á estreita relación que existe entre algúns deles.

Así mesmo, e como últimas reflexións destas liñas introductorias, hai que citar dúas das marxes que delimitan este traballo. Unha está constituída pola figura das sentencias, que podemos concibir, xeralmente falando e con risco de sermos pouco técnicos, como as decisións que resolven definitivamente un preito⁵. Polo tanto, non se fai referencia a outros actos que adoptan este tipo de órganos e que tamén chegan a ter, en ocasións, elevada importancia xurídica e política. O outro límite ó que facemos referencia neste parágrafo é de tipo competencial: neste artigo cínxímonos á que veu sendo a máis importante das funcións dos tribunais constitucionais, isto é, o control da constitucionalidade das normas con rango de lei, función que é, á vez, expresión e garantía do carácter supremo e normativo da Constitución, hoxe plenamente aceptado, especialmente en círculos democráticos.

2. As decisión típicas: sentencias estimatorias e desestimatorias

O típico nestas sentencias radica en que responden á configuración clásica do Tribunal Constitucional, configuración principalmente de orixe kelseniana. Se este Alto Tribunal é un lexislador negativo, e nada máis, só son imaxinables dúas formas de solucionar as controversias ante el formuladas: ou lles dá a razón ós recorrentes e, polo tanto, estima a súa pretensión de declaración de inconstitucionalidade, ou rexeita o solicitado polos lexitimados activamente e, entón, desestima a declaración de inconstitucionalidade. Nin que dicir ten que as demandas que se residencian perante este tipo de órganos poden conter máis dunha pretensión de declaración de inconstitucionalidade polo que o tribunal pode aceptar algunha destas pretensións e outras non. Para os nosos efectos, as estimacións e desestimacións parciais poden incluírse nalgunha destas dúas modalidades de decisións típicas.

Debemos ter en conta que a caracterización como sentencia estimatoria ou desestimatoria, total ou parcialmente, pode servir para tódolos supostos nos que un tribunal constitucional dicta sentenza, de maneira que as modalidades atípicas que

⁵ CARRORENA MORALES indica que a sentenza constitucional non se limita a ser un acto procesual dado que tamén se mostra como unha actividade dirixida á interpretación e integración creadora do dereito e é, asemade, unha decisión política (GARRORENA MORALES, Ángel, «La sentencia constitucional», *Revista de Derecho Político*, n.º 11, 1981, páx. 7).

⁶ *Id.*, por exemplo, TRUJILLO, Gumersindo, «Juicio de legitimidad e interpretación constitucional: cuestiones problemáticas en el horizonte constitucional español», *Revista de Estudios Políticos*, n.º 7, páx. 145 e segs.; GARRORENA MORALES, Ángel, «La sentencia constitucional», *Revista de Derecho Político*, n.º 11, 1981, páx. 7 e segs.; BOCANEGRA SIERRA, Raúl, *El valor de las sentencias del Tribunal Constitucional*, Instituto de Estudios de la Administración Local, Madrid, 1982; FERNÁNDEZ SEGADO, Francisco, *La jurisdicción constitucional en España*, Dykinson, Madrid, 1984.

⁷ BOCANEGRA SIERRA entende que é o concepto de cousa xulgada o punto de partida para delimitar os efectos das sentencias do Tribunal Constitucional, ó considerar erróneo aplicar nos seus propios termos as categorías xurídicas propias do dereito alemán para explica-los diversos efectos destas decisións. Así, por exemplo, a *Bindungswirkung* (vinculación a tódolos poderes públicos) está cuberta polo concepto de cousa xulgada (BOCANEGRA SIERRA, Raúl, *El valor de las sentencias del Tribunal Constitucional*, op. cit.). Valla esta simple alusión para demostrar que o tema non é doutrinalmente pacífico.

ofrecemos a continuación serían variedades de pronunciamento reconducibles a algunha desas dúas formas de decisión, sendo, polo tanto, especies das mesmas. Así mesmo, desde outra óptica, tamén é igualmente sostible que as peculiaridades que ostentan as sentencias atípicas son de grande importancia e afectan á natureza mesma da sentencia constitucional polo que as hai que recoller como formas diferentes. Sexa como for, esta posible polémica quizais pertenza máis ó eido terminolóxico que ó conceptual polo que non é este o momento de terciar nela, aínda que si queremos sinala-la nosa preferencia pola segunda opción, é dicir, por entende-las sentencias atípicas como formas diferentes.

Sobre os efectos, natureza e consecuencias que poden ocasiona-las sentencias deste epígrafe, tanto desde un punto de vista abstracto como en relación a concretos ordenamentos, non nos podemos parar neste momento ó non entrar isto nos obxectivos que perseguimos. Tan só imos facer algunhas alusións, coñecidas dabondo, relativas ó sistema xurídico español, alusións que se poden encontrar, dunha ou doutra forma, en case tódolos manuais segundo costume e, con maior profundidade, en traballos xa máis específicos⁶.

Desta forma, no noso país, e sempre respecto das sentencias dos recursos e cuestións de inconstitucionalidade, os efectos das mesmas, xa sexan estimatorias ou non, son *erga omnes* en virtude do art. 164.1 da Constitución de 1978 e do art. 38.1 da LOTC, no cal esta idea é, se cabe, máis evidente que naquel. En conexión con este efecto e a vinculación xeral unida a el ou, mellor dito, que o antecede, encóntrase a necesidade de publica-las sentencias no *Boletín Oficial do Estado*, o que determinará a súa eficacia fronte a terceiros.

Isto non podía ser doutro modo dado o obrigado cumprimento, establecido no art. 87.1 da citada lei orgánica, do que o Tribunal Constitucional resolva. Semellante obriga de cumprilo resolto non só afecta á parte dispositiva das sentencias senón que tamén alude ós chamados *tragenden Gründe* ou os elementos do razoamento que sustentan a decisión, elementos que pola súa cualidade de *ratio decidendi* se poden opoñer ós *obiter dicta*.

Así mesmo, con base tamén nos susoditos artigos 164 da Constitución e 38 da LOTC, as sentencias dos procedementos de inconstitucionalidade teñen valor de cousa xulgada a partir do día seguinte ó da súa publicación e son irrecorribles⁷. O único que poden face-las partes é pedi-la súa aclaración no prazo de dous días a partir da notificación (art. 93.1 LOTC). Aínda que

tampouco podemos esquecer que en virtude do art. 29.2 LOTC a desestimación por razóns de forma dun recurso de inconstitucionalidade non é óbice para a ulterior formulación dunha cuestión de inconstitucionalidade, o cal hai que interpretalo dunha maneira que vaia máis alá da simple literalidade para admitir un principio xeral de compatibilidade entre os dous procedementos, tal e como se deduce do art. 38.2 da mesma lei orgánica. Só así cobra sentido a necesaria correspondencia coa realidade dun contexto histórico determinado, que pode ser moi diferente á doutro tempo, co conseguinte cambio nos parámetros de adaptación ou inadaptación de determinada normativa á Constitución.

Precisamente o valor de cousa xulgada tamén se ten en conta noutro sentido no art. 40.1 da LOTC: as sentencias estimatorias, malia o seu efecto *ex tunc* propio da declaración de nulidade, non supoñerán a revisión das causas xudiciais que xa posúen a forza de cousa xulgada e que visen a aplicación dos preceptos declarados agora contrarios á Carta Magna⁸, salvo nos casos penais ou contencioso-administrativos en que a nulidade da norma aplicada beneficie o castigado, como non podía ser doutro modo con base no principio de retroactividade da lei penal máis favorable. Isto non é óbice para entender corrixida a liña xurisprudencial relativa a eses preceptos anulados (art. 40.2 da LOTC).

De igual maneira, a nosa Constitución dinos (art. 164.2), o cal non deixa de ser absurdo, que se manterá en vigor a parte da lei non afectada pola inconstitucionalidade. O que parece que debería dicir neste caso é que o Tribunal Constitucional, dado que doutro modo a garantía da supremacía da Constitución non estaría asegurada a través destes procedementos, non está limitado polo principio de congruencia, e, por conseguinte, pode estenderlle-la súa declaración de inconstitucionalidade a preceptos da lei analizada que non foron obxecto do recurso nin postos baixo sospeita. Esta quizais fose a intención dos constituíntes, intención non reflectida con moita fortuna no articulado constitucional. Pola contra, o art. 39 LOTC si logrou expresar esta idea no seu parágrafo 1º, e completouna con outra que tamén supón a non acomodación, estrictamente falando, ó principio de congruencia, ó indicar que este tribunal se poderá basar en calquera precepto da Lei fundamental para a declaración de inconstitucionalidade con independencia dos invocados no proceso, e darlle deste modo pleno sentido ó principio *iura novit curia*. En conexión con esta posibilidade, o art. 84 LOTC establece que «o tribunal, en calquera tempo anterior á decisión, poderá comunicarlles ós comparecidos no proceso constitu-

⁸ Non cabe dúbida de que a lóxica da nulidade da lei inconstitucional non debe ser levada ás súas últimas consecuencias, e destruír así as situacións xa consolidadas e de efectos fenecidos. O principio de seguridade xurídica esixe tal limitación, principio ó que se lle podería atribuír un carácter absoluto.

cional a eventual existencia doutros motivos distintos dos alegados, con relevancia para acorda-lo procedente sobre a admisión ou inadmisión e, no seu caso, sobre a estimación ou desestimación da pretensión constitucional». Isto orixina un prazo de audiencia de dez días como máximo acompañado da suspensión do termo para dicta-la resolución que proceda.

Abonden as anteriores reflexións, condensadas e expostas sen a penas aparato crítico, excesivamente xerais (cualidade esta que aínda que non supón falsidade, si entraña o risco do inexacto), para cumpri-lo obxectivo perseguido neste traballo no tocante ás sentencias típicas, que case se reduce a dar conta delas no sistema español.

3. Sentencias interpretativas

Este tipo de sentencias son aquelas nas que a resolución se basea na discriminación entre as distintas posibilidades interpretativas que ofrece a disposición legal acusada de ser contraria á Constitución. Como é sabido, toda norma xurídica debe ser obxecto de interpretación, polo que resulta erróneo o famoso axioma latino *in claris no fit interpretatio*. Con este labor procúrase precisa-lo sentido e alcance da dita norma co obxecto de poder aplicarlle á realidade fáctica. Este proceso de interpretación pode chegar a solucións moi diferentes en función das máis variadas circunstancias. Así as cousas, é probable que algunha destas opcións interpretativas resulte inconstitucional, polo que, gracias á distinción entre a disposición ou enunciado legal e a norma que se deriva por interpretación do mesmo, se procede ou ben a declarar contrarias á Carta Magna certas interpretacións ou ben a sinalalas que son acordes co Texto básico. Polo tanto, a unha resolución deste tipo chégase trala análise minuciosa das normas que se derivan da disposición posta en tea de xuízo.

O fundamento destas sentencias atópase no principio de conservación das normas⁹. Conxúgase así a idea de evita-la aparición de lagoas innecesarias co principio de supremacía constitucional. Desta forma, se das posibles interpretacións que se deducen dun precepto unha delas é acorde coa Carta Magna, isto será suficiente para conservalo dentro dos límites constitucionais.

A natureza destas sentencias é declarativa na medida en que o órgano de xustiza constitucional saca á luz as interpretacións que se poden realizar dunha disposición legal, interpretacións

⁹ O Tribunal Constitucional español ten sinalado, en diversas ocasións, entre elas a Sentencia 119/1992, que «sólo cabe declarar la inconstitucionalidad de los preceptos cuya incompatibilidad con la Constitución resulta indudable por ser imposible llevar a cabo una interpretación conforme a la misma».

que xa existen desde o momento en que nace a dita disposición, aínda que non estean explicitadas¹⁰.

O Tribunal Constitucional español nunha das súas primeiras decisións, a 5/1981, do 13 de febreiro, xa tivo oportunidade de referirse á natureza das sentencias interpretativas. Deste modo, no seu fundamento xurídico 6º pódese ler que estas sentencias «declaran a constitucionalidade dun precepto impugnado na medida en que se interprete no sentido que o Tribunal Constitucional considera como adecuado á Constitución, ou non se interprete no sentido (ou sentidos) que considera inadecuados». Nos anos sucesivos existen bastantes máis exemplos, malia as dúbidas que presentan: 11/1981, do 8 de abril; 14/1981, do 29 de abril; 331/1993, do 12 de novembro. Diversos autores españois fixeron chamamentos sobre a cautela do Tribunal na utilización desta técnica. É o caso de Gutiérrez Zarza, que afirma que, se ben «la labor interpretativa del Tribunal Constitucional ha de estar presente en todas y cada una de sus resoluciones, el uso de las sentencias interpretativas ha de constituir su *ultima ratio*»¹¹.

A doutrina italiana, con base na súa xurisprudencia, presoulle unha atención importante a esta cuestión. O tema foi e é polémico, aínda que parece xurisprudencialmente asentado. Esta doutrina diferenciou entre sentencias interpretativas de *accoglimento*¹² e sentencias interpretativas *di rigetto*¹³. As primeiras son as que declaran a inconstitucionalidade das interpretacións que merecen tal cualificación, co que a estimación de inconstitucionalidade do precepto se produce só na medida en que se interprete nos sentidos explicitados pola *Corte*, polo cal o que hai que entender expulsado do ordenamento non é a disposición senón as interpretacións contrarias á Lei básica que sinala o tribunal¹⁴. As segundas, as interpretativas *di rigetto*, son as que recoñecen a constitucionalidade da disposición en tanto en canto sexa interpretada nas formas acordes coa Constitución, e que tamén son explicitadas na sentenza. Como se ve, o resultado ó cabo é, en certa medida, o mesmo, polo que son intercambiabes. Zagrebelsky di que son expresión dun único fenómeno e que son «due face delle stessa medaglia»¹⁵.

Precisamente o paso dunha a outra (da *di rigetto* á de *accoglimento*) denomínase en Italia «doppia pronuncia». Esta técnica supón un aumento progresivo da incidencia do labor da *Corte* no mundo xurídico porque o efecto de ámbolos tipos de decisións non é exactamente o mesmo. Así é, no caso das sentencias *di rigetto* os tribunais non teñen soamente que aplica-las interpretacións declaradas conforme coa Lei fundamental, a diferencia das de *accoglimento*, nas que as interpretacións conside-

¹⁰ Pola contra, SILVESTRI é da opinión que as sentencias interpretativas que sinalan as interpretacións contrarias á Carta magna si anovan o ordenamento xurídico (SILVESTRI, Gaetano, «Le sentenze normative della Corte costituzionale», en *Scritti su «La giustizia costituzionale»*, in onore di Vezio Crisafulli, vol. I, Padua, 1985).

¹¹ GUTIÉRREZ ZARZA, M^a de los Ángeles, «Las sentencias interpretativas y aditivas del Tribunal Constitucional español», *Revista de Derecho Procesal*, n.º 3, 1995, pág. 1033.

¹² Como exemplo podemos citar un artigo de Damiano NOCILLA que aborda un caso concreto: «Sentenza interpretativa de accoglimento o sentenza di accoglimento parziale dell'art. 274 codice civile?», *Giurisprudenza Costituzionale*, 1965, págs. 881 e segs.

¹³ Entre outros, pode citarse a CRISAFULLI, Vezio, «Ancora sulle sentenze interpretative di rigetto», *Giurisprudenza Costituzionale*, 1965.

¹⁴ PIZZORUSSO é da opinión que este tipo de sentencias deberían ser consideradas sentencias de admisión parcial (PIZZORUSSO, Alessandro, «El Tribunal Constitucional italiano», en FAVOREU, Louis (coord.), *Tribunales Constitucionales europeos y derechos fundamentales*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1984, pág. 256).

¹⁵ AGREBELSKY, Gustavo, *La Giustizia costituzionale*, Il Mulino, Bologna, 1988, pág. 292.

radas contrarias á Constitución son, como se acaba de dicir, expulsadas do ordenamento.

Como as sentencias interpretativas *di rigetto* operan simplemente con carácter persuasivo¹⁶ os xuíces ordinarios en ocasións non accedían a tales persuasións polo que as situacións se volvían altamente embarazosas. Ante isto, reformuláronse de novo perante a *Corte costituzionale* os mesmos casos para que se pronunciase sobre as outras interpretacións, ó cal accedeu en numerosos supostos ó dictar sentencias interpretativas *di accoglimento*, co que quedaba construída a técnica de «doppia pronuncia» ou «dobres decisións».

Se trala utilización desta técnica persiste a situación censurable, o tribunal pode emitir unha sentenza estimatoria típica coa que declara a nulidade do precepto e fai, claro está, desaparecer as interpretacións que se puidesen facer do mesmo en tanto en canto desaparece o propio precepto.

Tamén o Tribunal Constitucional Federal alemán adoptou sentencias interpretativas¹⁷. Verbo delas, a doutrina sinalou concretos límites: a literalidade do precepto obxecto de consideración, aínda que isto sen rixidez, e a decisión política do lexislador, que impide que a interpretación que propoña o tribunal sexa contraria á mesma.

4. As recomendacións ó lexislador

Baixo este rótulo é posible englobar un conxunto de sentencias que conteñen formulacións que buscan a actuación do Poder Lexislativo en certo sentido, polo que adoitan estar estreitamente ligadas a unha obriga de actuar do lexislador que en contra a súa orixe en encargos constitucionais que esixen un concreto desenvolvemento lexislativo ulterior. Estas exhortacións, que aparecen como *obiter dictum*, sinalan os principios que se han de seguir na elaboración da nova lei e admiten varias formas de enunciarse, que van desde o simple consello ata fórmulas máis coactivas. A súa eficacia, en opinión de Ahumada Ruiz, é «dudosa y se hace depender de la «sensibilidad» del lexislador»¹⁸.

Na praxe italiana existen estas recomendacións ó lexislador. Desta forma, é posible encontrar exhortacións ó lexislador no sentido de que efectúe determinada actividade. Do contrario, ou sexa, no suposto de que non realice a actividade recomendada, sería probable unha posterior sentenza que si declare a inconstitucionalidade (*sentenze-monito*). Estes consellos ou ad-

¹⁶ PIZZORUSSO, Alessandro, «La motivazione delle decisioni della Corte costituzionale: comandi o consigli?», *Rivista Trimestrale di Diritto Pubblico*, 1963, páx. 345 e segs.

¹⁷ *Id.*, ZIPPELIUS, Reinhold, «Verfassungskonforme Auslegung von Gesetzen», en STARCK, Christian (coord.), *Bundesverfassungsgericht und Grundgesetz. Festgabe aus Anlass der 25 jährigen Bestehens des BVerfG.*, vol. I, J. C. B. Mohr (Paul Siebeck), Tübinga, 1976, páx. 108 e segs.; SIMON, Helmut, «Die verfassungskonforme Gesetzesauslegung», *Europäische Grundrechtszeitschrift*, 1974, páx. 85 e segs.

¹⁸ AHUMADA RUIZ, M^a Ángeles, «El control de constitucionalidad de las omisiones legislativas», *Revista del Centro de Estudios Constitucionales*, n.º 8, xaneiro-abril 1991, páx. 183.

vertencias, a ligazón dos cales á necesidade dunha actividade do lexislador, que é a que orixina, de ser incumprida, a omisión inconstitucional, é doada de soste, foron utilizados en importantes e coñecidos supostos. A ameaza dunha futura sentenza estimatoria, se non se cumpre coa «mensaxe», é o que reforza a posición da *Corte Costituzionale*¹⁹.

Os perigos desta forma de proceder son varios, entre os que sobresaen o afectar negativamente á liberdade de configuración do lexislador. Así o entende Zagrebelsky cando afirma que «il rischio che attraverso i moniti «materiali» si creino vincoli all'attività legislativa, incompatibili con la libertà di apprezzamento politico che compete al legislatore»²⁰. A este risco respóndese que a invasión da liberdade do lexislador non se produce porque a recomendación queda no plano da proposta, do programa, do *indirizzo*, ó se-lo lexislador o que decide o «si», o «cómo» e o «cándo». As solucións apriorísticas deste problema parece que non serven, polo que é necesario entrar nos supostos que se producen e distinguir entre eles. O mesmo Zagrebelsky diferencia entre as recomendacións que consisten na afirmación de obrigas derivadas da Constitución e as que son froito do punto de vista de oportunidade²¹.

Nas decisións do *Bundesverfassungsgerichts* tamén é posible localizar sentencias que conteñen unha recomendación ó lexislador. Trátase das declaracións de inconstitucionalidade que non supoñen a nulidade (*Unvereinbarkeitserklärung*), as cales esixen a posterior actuación do lexislador para remove-lo estado de inconstitucionalidade²², e das chamadas ó lexislador naqueles casos nos que a situación xurídica aínda non se converteu en inconstitucional (*Appellentscheidung*), nas cales se reconece que a situación aínda é constitucional pero que pode devir en contraria á Carta Magna se non intervén o lexislador²³. No primeiro suposto, a norma é simplemente inconstitucional («bloss verfassungswidrig»). No segundo, a norma é aínda constitucional («noch verfassungsmässig») ²⁴. Non sempre é doado distinguir con nitidez ámbolos supostos xa que as declaracións de simple inconstitucionalidade en ocasións conteñen as típicas chamadas ó lexislador da *Appellentscheidung*.

Na simple constatación de inconstitucionalidade dunha norma estímase que aínda é máis inconstitucional suprimi-la norma sen substituíla que continuar aplicándoa temporalmente. Desta forma, é o lexislador o que debe acabar coa situación contraria á Lei fundamental posto que a disposición considerada inconstitucional continúa en vigor. Precisamente é iso o que quere o Tribunal Constitucional Federal para evita-lo baleiro xurídico

¹⁹ Entre outros podemos citar a GRISOLIA, M. C., «Alcune osservazioni sulle «sentenze comandamento» ovvero sul «potere monitorio» della Corte costituzionale», *Giurisprudenza Costituzionale*, tomo I, 1982, páx. 926 e segs.; PERGORARO, L., *Le sentenze-indirizzo della Corte costituzionale italiana*, vol. I, CEDAM, Padua, 1984.

²⁰ ZAGREBELSKY, Gustavo, *La Giustizia costituzionale*, op. cit., páx. 324.

²¹ *Ibidem*, páx. 325.

²² V gr., *BVerfGE* 6, 246; 7, 320; 28, 227; 30, 292; 37, 342; etc. As decisións deste tribunal, como é sabido, son publicadas por orde cronolóxica por J. C. B. Mohr en Tubinga baixo o título *Entscheidungen des Bundesverfassungsgerichts*. Citámolas da forma habitual, é dicir, trala abreviatura desta colección (*BVerfGE*) indicamos o número de volume e a páxina na que comeza a sentenza.

²³ Os casos son menos numerosos. Pódense citar *BVerfGE* 7, 282; 16, 130; 21, 12; 25, 167. Unha situación similar sería a daquela que é declarada aínda constitucional porque decreta-la súa nulidade supoñería consecuencias máis prexudiciais, a pesar de que no fondo se trata dunha realidade contraria á lei fundamental (*Annäherungsverfassungsgericht* ou «Teoría da aproximación», *BVerfGE* 4, 157, que é a sentenza relativa á revogación do estatuto de ocupación do Tratado do Sarre). De igual modo, serían similares os supostos nos que o desenvolvemento científico obrigaría ó lexislador a reelabora-la normativa (Sentencia de 8 de agosto de 1978, que resolve o asunto da

central nuclear de Kalkar -*BVerfGE* 49, 89-, e sentenza do 14 de xaneiro de 1981, relativa á contaminación sonora de avións, en concreto no aeroporto de Düsseldorf-Lohausen -*BVerfGE* 56, 54).

²⁴ Os supostos que responden a esta técnica adoitan conectarse cunha inconstitucionalidade sobrevida, provocada pola alteración das circunstancias, que fai que a norma camiñe cara á imperfección e, polo tanto, sexa preciso adecuala á nova realidade.

²⁵ SCHLAICH, Klaus, «El Tribunal Constitucional Federal Alemán», en FAVOREU, Louis (coord.), *Tribunales Constitucionales europeos y derechos fundamentales*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1984, pág. 198.

²⁶ En castelán temos, por exemplo, o traballo que acabamos de citar de Klaus SCHLAICH sobre «El Tribunal Constitucional Federal Alemán», na obra colectiva *Tribunales Constitucionales europeos y derechos fundamentales*, op. cit., pág. 194 e segs. En alemán, ademais dos traballos citados noutras notas, podemos nomear a SCHULTE, Martin, «Appellentscheidungen del Bundesverfassungsgerichts», *Deutsches Verwaltungsblatt*, 1988, pág. 1200 e segs.; ZEIDLER, Wolfgang, «Die Verfassungsrechtsprechung im Rahmen der staatlichen Funktionen», *Europäische Grundrechtszeitschrift*, 1988, pág. 207 e segs. En portugués destacamos a FERREIRA MENDES, Gilmar, «O apelo ao legislador (*Appellentscheidung*) na praxe da Corte Constitucional Federal alemá», *Revista da Faculdade de Direito da Universidade de Lisboa*, vol. XXXIII, 1992, pág. 265 e segs.

que se produciría coa declaración de nulidade. Schlaich sinalou que «las consecuencias jurídicas de la constatación de la simple inconstitucionalidad no son en general muy claras e incluso, en casos concretos, conducen a incertidumbres, con frecuencia apenas soportables, en lo referente a la situación jurídica transitoria»²⁵.

Nos supostos de lei aínda constitucional o Tribunal Constitucional Federal alemán exhorta o lexislador para que converta unha situación en plenamente constitucional ou para que preveña unha futura inconstitucionalidade. Dentro das *Appellentscheidungen* é posible distinguir diversos grupos: as sentencias que responden ás alteracións das relacións fácticas ou xurídicas, as que se enfrontan ó incumprimento do deber constitucional de legislar, as que recoñecen que non existen «evidencias» de inconstitucionalidade, etc.

Con estas distincións entre casos de simple inconstitucionalidade e aínda axustados á Carta Magna o órgano de xustiza constitucional federal alemán trata de controla-las consecuencias que supón o binomio inconstitucionalidade-nulidade. A chamada ó lexislador é clara e directa nos supostos nos que a norma legal aínda é constitucional. En cambio, nas declaracións de simple inconstitucionalidade esta exhortación encóntrase nalgúns casos máis ben implícita na medida en que, como se dixo, non se decreta a nulidade para que siga en vigor a normativa e o lexislador proceda á súa reforma acomodándoa ós límites marcados pola Lei fundamental. Sen embargo, noutras ocasións recoméndaselle ó Poder Lexislativo de maneira directa para que substitúa esa norma canto antes ou nun prazo determinado.

A riqueza de formulacións e maila complexidade dos supostos levaron ó Tribunal Constitucional Federal alemán a utilizar estes mecanismos novidosos, que non deixan de ser manifestacións do importante papel do Tribunal de Karlsruhe na vida xurídica alemá e na conformación da realidade política, ademais de intentos de evitar chegar á declaración de nulidade e producir pouco recomendables baleiros normativos. Esta autoridade de que goza o tribunal dá como resultado que o Parlamento tenda a positiva-las súas decisións, incluídas as recomendacións que dicta.

A doutrina sobre este proceder do Tribunal de Karlsruhe, como se imaxinará, é abundosa²⁶, e non sempre favorable a esta maneira de proceder. Así, censurouse a Corte por actuar en contra do principio de legalidade debido á inexistencia de base positiva para estas modalidades de decisión e a lexitimación para actuar con base a prognósticos. Asemade, Klein preguntá-

base sobre a seguridade para determina-la conversión da situación aínda constitucional en inconstitucional²⁷. En cambio, Schlaich non viu inconvenientes na *Appellentscheidung* ó considerar que este modo de decidir entra no xenérico tipo de sentenza de rexeitamento da inconstitucionalidade²⁸. Especialmente interesante é un importante traballo de Pestalozza no que reflexiona sobre estas variantes alemanas de sentencias²⁹.

A complexa figura da omisión inconstitucional adoita estar conectada ás decisións de simple inconstitucionalidade posto que na maior parte dos casos o inicio do problema debatido é unha inactividade do lexislador.

5. Sentencias aditivas

A orixe deste tipo de sentencias está en Italia (sentencias *ad-ditive* o *aggiuntive*³⁰). A súa construción técnica consiste nunha decisión de estimación parcial que «no se limita a analizar el texto de la disposición o disposiciones para extraer la norma inconstitucional, distinguiéndola de las que son conformes a la Constitución, sino que llega, unha vez declarada inconstitucional certa norma positiva o negativa construída mediante la interpretación, a crear unha norma, por adición o por substitución, de significado opuesto a la declarada inválida»³¹. Non se procura elimina-la norma impugnada ou establece-la interpretación que é conforme á Constitución senón que se altera o significado desa norma a través da declaración de ilexitimidade «della omessa previsione di qualcosa, che avrebbe dovuto essere previsto dalla legge»³². Incorporáselle, como se pode ver, un novo elemento ó enunciado legal por mor da «extensión del contenido normativo de un precepto a un supuesto de hecho no previsto, de forma que supone la introducción en el ordenamiento de una norma distinta a la aprobada por el legislador»³³, de aí que tamén se fale de sentencias «creative di norme sostitutive»³⁴.

Pero esta incorporación dun novo elemento non é obra da discrecionalidade do xuíz que monopoliza o control da inconstitucionalidade senón que é imposto polas esixencias da Lei básica. Por isto, a Corte ten afirmado que «se permiten as sentencias aditivas só cando a solución adecuatoria non deba ser froito dunha valoración discrecional senón que se derive necesariamente do xuízo de constitucionalidade, de modo que a Corte deba proceder a unha extensión lóxicamente necesitada» e que «cando, pola contra, sexa posible unha pluralidade de so-

²⁷ KLEIN, Eckart, «Verfassungsprozessrecht. Versuch einer Systematik an Hand der Rechtsprechung des Bundesverfassungsgerichts», *Archiv des öffentlichen Rechts*, n.º 108, 1983, páx. 434. En termos tamén críticos temos a BRYDE, Otto, *Verfassungsentwicklung, Stabilität und Dynamik im Verfassungsrecht der Bundesrepublik Deutschland*, Baden-Baden, 1982, páx. 397 e segs.

²⁸ SCHLAICH, Klaus, *Das Bundesverfassungsgericht, Stellung, Verfahren, Entscheidungen*, C. H. Beck, München, 1985, páx. 181. Noutros termos, pero tamén a favor, EBSEN, Ingwer, *Das Bundesverfassungsgericht als Element gesellschaftlicher Selbstregulierung*, Berlin, 1985.

²⁹ PESTALOZZA, Christian, «Noch verfassungsmässige» und «bloss verfassungswidrige» Rechtslagen», en STARCK, Christian (coord.), *Bundesverfassungsgericht und Grundgesetz. Festgabe aus Anlass der 25 jährigen Bestehens des BVerfG.*, vol. I, J. C. B. Mohr, Tübinga, páxs. 499 e segs.

³⁰ A bibliografía é ampla. Podemos destacar, ademais dos traballos citados nas notas seguintes, algúns dos artigos recollidos na obra colectiva xa citada de Scritti su «La giustizia costituzionale», in onore di Vezio Crisafulli, vol. I, Padua, 1985: ELIA, L., «Le sentenze additive e la più recente giurisprudenza della Corte costituzionale»; PALADIN, L., «Corte costituzionale e principio generale d'eguaglianza: aprile 1979-dizembre 1983»; e o xa citado de SILVESTRI, G., «Le sentenze normative della Corte costituzionale».

³¹ PIZZORUSSO, Alessandro, *Lecciones de Derecho Constitucional*, Centro de Estudios Constitucionales, vol. II, Madrid, 1984, páx. 52.

lucións derivadas de valoracións diversas, a intervención da Corte non é admisible, ó corresponderlle as relativas opcións unicamente ó lexislador»³⁵. Como a norma presenta un contido menor do que constitucionalmente debería ter, procédese a esa ampliación. De aí que se fale de sentencias «a rime obbligate», o cal significa que a utilización destas sentencias creativas só cabe cando o dito labor creativo sexa a única maneira para protexer-lo principio ou valor constitucional vulnerado polo menor contido do precepto analizado.

O punto de partida para a utilización desta técnica consiste, ó igual que nas sentencias interpretativas, na distinción entre a disposición legal e a norma que dela se deriva, pero nas sentencias aditivas, e a diferenza, neste caso si, das interpretativas, al térase tanto o significado como o teor literal da disposición. A dita alteración é profunda dado que se elimina unha situación restrictiva ou negativa. «La decisión aditiva –afirma D’Orazio– se presta a operar la fusión de los dos elementos normativos: el planteado a nivel de las fuentes ordinarias y el impuesto por la fuente constitucional sobreordenada, comprendida la obligación del legislador de razonar bien»³⁶.

Así as cousas, este tipo de sentencias aparece como a expresión máis clara da actuación dun órgano de xustiza constitucional que vai máis alá da función negativa que a clásica visión do sistema concentrado de xurisdicción constitucional establece. Tamén resulta correcto consideralas na liña do tradicional *judicial activism*, que por definición é contrario ó mencionado *self-restraint*. Desta forma chegouse a falar directamente, por parte de Modugno, dun labor lexislativo complementario da Corte³⁷.

A natureza deste tipo de sentencias é constitutiva dado que supoñen unha innovación do ordenamento xurídico. Crisafulli distingue dúas hipóteses: unha, en que a omisión significa exclusión e polo tanto «l’annullamento della parte della disposizione che «non dice» elimina un ostacolo all’espandersi, e conseguentemente all’applicabilità, della norma in essa contenuta alle ipotesi implicitamente escluse»; outra, os casos en que a omisión é simple omisión, o cal esixirá o labor interpretativo do Tribunal Constitucional³⁸.

Particular problemática suscitaron en Italia as sentencias aditivas que implican un efecto financeiro automático con cargo ó ente prestador, dado que poden prexudicarlle a gradualidade propia da actuación dun *indirizzo* político³⁹. Mais non nos detemos nisto porque excede a finalidade pretendida por este traballo.

O Tribunal Constitucional español tamén realizou diversos pronunciamentos deste tipo, entre os que podemos cita-los se-

³² CRISAFULLI, Vezio, *Lezioni di Diritto costituzionale*, vol. II, CEDAM, 5ª ed., Padua, 1984, páx. 403.

³³ GUTIÉRREZ ZARZA, Mª de los Ángeles, «Las sentencias interpretativas y aditivas del Tribunal Constitucional español», *op. cit.*, páx. 1007.

³⁴ SANDULLI, Aldo. M., *Il giudizio sulle leggi*, Giuffrè, Milán, 1967, páx. 51 e segs.

³⁵ Sentencias números 80 e 115 de 1987.

³⁶ D’ORAZIO, Giustino, «Aspectos y problemas de la justicia constitucional italiana», *Revista Vasca de Administración Pública*, n.º 31, 1991, páx. 72.

³⁷ MODUGNO, Franco, «La funzione legislative complementare della Corte Costituzionale», en *Giurisprudenza Costituzionale*, 1981, páx. 1646 e segs.

³⁸ CRISAFULLI, Vezio, *Lezioni di Diritto costituzionale*, *op. cit.*, páxs. 403-404. AHUMADA RUIZ recolle estas ideas e pon exemplos da xurisprudencia do Tribunal Constitucional español (AHUMADA RUIZ, Mª Ángeles, «El control de constitucionalidad de las omisiones legislativas», *op. cit.*, páx. 185).

³⁹ *Id.*, D’ORAZIO, Giustino, «Aspectos y problemas de la justicia constitucional italiana», *op. cit.*, páx. 72 e segs.

guintes: 11/1981, do 8 de abril; 103/1983, do 22 de novembro; 104/1983, do 23 de novembro; 142/1990, do 20 de setembro; 222/1992, do 11 de decembro; 3/1993, do 14 de xaneiro.

Do mesmo xeito que en casos anteriores, as sentencias aditivas adoitan estar conectadas coa problemática formulada pola inconstitucionalidade por omisión ó se-lo incorrecto desenvolvemento lexislativo o causante en última instancia do asunto que se instrúe perante o Tribunal Constitucional⁴⁰. Precisamente esta omisión é a que posibilita e xustifica o engadido dos elementos que conformarán a nova norma, coa que se trata de superar-la situación contraria á Constitución que viña determinada por esa omisión⁴¹. Resultan significativas as palabras de Zagrebelsky: «la Corte costituzionale interviene in questi casi dichiarando incostituzionale a disposizione nella parte in cui non prevede qualcosa che dovrebbe prevedere. Ciò che risulta costituzionalmente scorretto, in questi casi, non è una previsione negativa contenuta nella legge: a legge infatti tace. Ma proprio in questo silenzio sta a sua incostituzionalità. A decisione di incostituzionalità colpisce dunque un'omissione del legislatore e da tale dichiarazione di incostituzionalità si regiona come se a norma mancante venisse ad esistenza»⁴². En concreto, adoita utilizarse a técnica das sentencias aditivas para facerlles fronte ás chamadas omisións relativas, é dicir, a unha vulneración do principio de igualdade por mor da omisión do lexislador.

En relación con esta institución da omisión inconstitucional e referido a Italia, temos un importantísimo traballo de Mortati⁴³, a segunda parte do cal está dedicada á análise dalgunhas sentencias da *Corte Costituzionale* que se conectan ó tipo de omisión estudiado, e non se limitan, polo tanto, ás sentencias aditivas⁴⁴.

6. Outros casos.

A doutrina de diferentes países detectou máis tipos de sentencias do órgano de xustiza constitucional que as sinaladas por nós nos epígrafes anteriores. Moitas veces trátase de simples puntualizacións ó xa reseñado, o cal resulta perfectamente posible dado que, como se insistiu máis arriba, o tema posúe elevada complexidade e unha confusión que é pábulo para un importante número de construcións e sistematizacións de diversa índole.

Así mesmo, fixéronse grupos máis amplos que recollen varios dos tipos que ofrecemos. Nesta orde de cousas non hai que

⁴⁰ En España díxose que «las sentencias aditivas encuentran su fundamento en la necesidad de poner fin a las omisiones relativas del poder legislativo» (GU-TIÉRREZ ZARZA, M.^a de los Ángeles, «Las sentencias interpretativas y aditivas del Tribunal Constitucional español», *op. cit.*, pág. 1034).

⁴¹ PIZZORUSSO ve na técnica das sentencias manipuladoras e aditivas a solución para colmar-las eventuais omisións do lexislador e para sancionalo (PIZZORUSSO, Alessandro, *Lecciones de Derecho Constitucional*, vol. II, *op. cit.*, pág. 342 e segs.).

⁴² AGREBELSKY, Gustavo, *La giustizia costituzionale*, *op. cit.*, pág. 298.

⁴³ MORTATI, Constantino, «Appunti per uno studio sui rimedi giurisdizionali contro comportamento omissivi del legislatore», *Il Foro italiano*, 1970, V, pág. 153 e segs.; tamén en *Problema di Diritto Pubblico nell'attuale esperienza costituzionale repubblicana. Raccolta di scritti*, vol. III, Giuffrè, Milán, 1972, pág. 923 e segs.

⁴⁴ A conclusión deste labor xurisprudencial é a oscilación, co que chega en ocasións a non declarar simplemente a ilexitude da omisión senón que procede á enchedura da lagoa que tal omisión, ó seu entender, produce.

esquecer a Zagrebelsky, que reúne as sentencias aditivas, as de estimación parcial e as substitutivas nun grupo maior, o das sentencias manipulativas, que son aquelas que transforman o significado da lei⁴⁵.

As sentencias substitutivas son as que declaran inconstitucional o que o precepto impugnado di e o que non di, ó substituír, como di Barile, a vella disciplina por unha totalmente nova, «con l'uso della locuzione «anziché»»⁴⁶. Así se indica qué norma respectuosa cos principios da Carta magna debe ocupalo lugar da declarada inconstitucional.

Pola súa banda, Martines fala tamén de sentencias *riduttive*, coas que a Corte declara a ilexitimidade constitucional dun texto «nella parte in cui dice alcunché»⁴⁷.

7. Conclusión

Trala rápida visión efectuada dos máis destacados tipos de pronunciamentos que nos ofrece a práctica dos tribunais constitucionais é obrigado facer algunhas reflexións a modo de conclusión. En primeiro lugar, cómpre poñer de manifesto que estas formas de actuación responden ó desexo de encontrar para a praxe unha solución máis xusta que a que viría da man das expresas previsións legais, frecuentemente limitadas á correlación inconstitucionalidade-nulidade⁴⁸. De igual modo, queda patente que un tribunal constitucional debe consideralas consecuencias políticas da súa actuación porque do contrario o sistema correría o risco de crebarse.

De igual modo, hai que lembrar algo xa aludido: unha tipoloxía como a que nos encontramos pode frisa-la inseguridade xurídica, máxime cando tal forma de proceder non adoita estar recollida a nivel de dereito positivo. Por isto, resulta imprescindible que os xuíces dos órganos de xustiza constitucional fagan gala, ademais dunha adecuada formación, dun perfecto coñecemento das súas funcións e da súa misión, e terán forzosamente que conxugar en ocasións a autolimitación (*self-restraint*) coa solución máis xusta, todo o cal debe ser unha garantía para a correcta utilización destes medios, que ás veces poden ser considerados como clara expresión de activismo xudicial. Tampouco hai que esquecer que o principio procesual de resolver obrigatoriamente os casos que se presentan, non podendo os xuíces absterse de xulgar, leva ás veces a que a utilización das sentencias atípicas sexa imprescindible dado que as outras resultan improcedentes no concreto caso que se está a

⁴⁵ ZAGREBELSKY, Gustavo, *La giustizia costituzionale*, op. cit., páx. 296 e segs.

⁴⁶ BARILE, Paolo; CHELI, Enzo; GRASSI, Stefano, *Istituzioni di Diritto Pubblico*, CEDAM, Padua, 7ª ed., 1995, páx. 363.

⁴⁷ MARTINES, Temistocle, *Diritto Costituzionale*, Giuffrè, Milán, 6ª ed., 1990, páxs. 592-593.

⁴⁸ Exemplo disto sería o art. 136 da Constitución italiana. Sen embargo, o ordenamento austríaco e o alemán non conectan ámbolos termos.

resolver. Malia isto, este proceder dos órganos de xustiza constitucional foi e é polémico alí onde se produciu, e seguro que o seguirá sendo no futuro porque un uso incorrecto de técnicas como as ofrecidas pode chegar a substituí-lo labor do Parlamento.

A pesar de que nos epígrafes anteriores tratamos de perfilar, aínda que coa claridade que se pode nun tema como este, os trazos que definen cada tipo de sentencia ofrecido, tratando de deslindar unhas das outras, agora temos que subliñar que en multitude de ocasións o paso da teorización á práctica destas solucións procesuais nos fai atopar casos de difícil, por non dicir difícilísima, caracterización, polo que é factible encadralos en máis dun dos tipos. Desta forma, vólvese poñer de manifesto a complexidade dos supostos ós que se ten que enfrontar ás veces un tribunal constitucional. Como exemplo da dificultade de establecer límites precisos neste tema, temos a moitas veces complicada distinción entre sentencias interpretativas e manipulativas.

Tamén resulta procedente recordar que boa parte das sentencias atípicas ofrecidas se conectan coa difícil figura da inconstitucionalidade por omisión. É indubidable o interese que teñen estes métodos para facerlle fronte a esta forma de vulnera-la Carta Magna naqueles ordenamentos nos que non existen remedios procesuais que poidan ser empregados con esa finalidade. Malia as críticas que se poden esgrimir contra eles, son ás veces a única maneira de afrontar cun mínimo éxito en canto á eficacia, a impunidade da inercia vulneradora da Constitución.

Estamos, en definitiva, ante un labor xurisprudencial de singular transcendencia en tódolos ámbitos, a marcha atrás do cal xa non parece posible. A súa construción non deixa de ser un paso máis na evolución que os tribunais constitucionais foron experimentando desde o seu nacemento, evolución en grande medida paralela á do propio concepto de Constitución, que se foi enchendo de valores e principios, moitos deles ambiguos e por precisar, e que posúe un bo número de normas incompletas. 